



PRESENTACIÓN DO LIBRO “GALICIA, DISTRITO INDUSTRIAL. Conversas con DANIEL HERMOSILLA”

de **ANTÓN BAAMONDE**

Interveñen: Antón Baamonde e Daniel Hermosilla

Presenta: Marisa Barreiro

VENRES 26 DE ABRIL DE 2024 – 20:00 H.

SALA DO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos, coa colaboración do Concello de Vilalba, organiza o acto de presentación do libro **“GALICIA, DISTRITO INDUSTRIAL. Conversas con DANIEL HERMOSILLA”**, de **ANTÓN BAAMONDE** (*Filósofo e ensaísta*).

O acto terá lugar o **venres 26 de abril de 2024, ás 20:00 horas**, na **Sala do Auditorio Municipal de Vilalba**. Contará coa presenza de **Antón Baamonde** e **Daniel Hermosilla** e será presentado por **Marisa Barreiro**, presidenta do Iescha. (ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO).

Información sobre o libro

A mensaxe deste libro, querido lector, consiste en afirmar que non necesariamente o seu fillo ten que emigrar. A trama de empresas de última xeneración que describe mostra unha realidade cuantitativa que leva no seu interior a posibilidade dun salto cualitativo.

Galicia ten unha historia industrial, con casos de éxito dos que cabe aprender, de Zeltia ou Pescanova a Zara, pasando pola industria marítima ou conserveira. É unha historia que hai que saber poñer en valor.

Pero, en todo caso, nas últimas décadas naceu unha constelación de empresas de alto valor tecnolóxico, capitalizadas e internacionalizadas. Trátase de empresas que están en condicións de dar un salto adiante e competir por máis e mellores mercados.

“Galicia, Distrito Industrial” intenta ofrecer unha certa cartografía desas nova xeneración de empresas e información sobre elas, pero tamén unha mirada proactiva, anticipadora. Daniel Hermosilla pon sobre a mesa, como exemplos inspiradores, os modelos piamontés, austríaco e bávaro. Son modelos dos que intenta extraer unha aprendizaxe.

As políticas proactivas poden acelerar procesos, poden dálles entidade, facer que as empresas vaian collendo corpo. O concepto de distrito industrial pode ser unha maneira de entender o fomento da industria local, de promover as sinerxias e a colaboración entre empresas, de crear e/ou completar as cadeas de valor, de entender que hai un enorme terreo para que as diversas compañías, cada unha coa súa propia especialización e know-how, se retroalimenten e contribúan, desas maneira, ao progreso do país.

Asistimos agora a un retorno da política industrial, determinado, entre outros factores, pola experiencia da pandemia; a revolución loxística; o inmenso reto da descarbonización e, finalmente, os avatares da xeopolítica, que poden levar a un certo desacoplamento entre o bloque occidental e China.

O momento é crucial e Galicia ten cartas para xogar na partida dunha nova onda industrializadora. Convén, por iso, estar presente nas transformacións tecnolóxicas e nas revolucións científico-técnicas que se podan producir. Nesta nova inflexión da economía e a política mundiais, hai que saber atopar o coo das propias especializacións competitivas.

Tres leccións de GALICIA, DISTRITO INDUSTRIAL

A súa primeira lección é non desdeñar o pasado industrial do país, tantas veces obliterado, sacado fóra de foco para acentuar un único elemento da súa economía, o agrario ou rural. A segunda é dar conta da aparición, nas últimas décadas, dunha extraordinaria nube de empresas, nadas, moitas delas, á calor de Citröen e Inditex, pero non só delas, dado que hai cento cincuenta anos que está aí a conserva. A terceira, e máis importante, é superar a economía forense para intentar ter unha visión. Ter unha visión: é dicir unha mirada capaz de xerar unha actitude proactiva, anticipada, orientada ao cambio.

